

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:35 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).  
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)  
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).  
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).  
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).  
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

#### Non asiste:

Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE)  
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

#### Secretario accidental:

Arturo José Fernández Prado

## **ORDE DO DÍA**

## **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 27 DE DECEMBRO DE 2024.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión extraordinaria do 27 de decembro de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (6): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Juan Vicenta Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión ordinaria de 27 de decembro de 2024.

## **2.-APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025**

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**EXPEDIENTE: 2024/A007/000010**

**ASUNTO: ADHESION AO POS+ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025.**

“O 29/11/2024 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”. Xunto co POS+2025 regúlase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O Concello de Sobrado ten asignada a seguinte achega: 65.841,78 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte

**ACORDO:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2025”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta Deputación)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			0,00 €

c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	480.000,00 €	372.000,00 €	108.000,00 €
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.			0,00 €
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			0,00 €
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario			0,00 €
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			0,00 €
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b> Estes importes totais deben reflectirse no acordo plenario (ANEXO XV)	480.000,00 €	372.000,00 €	108.000,00 €

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente “

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (6: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE),, , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Juan Vicenta Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:45 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*